

ReMesa

A M E S A I N F O R M A

OU nas matrículas de Ourense, XA

O pasado 5 de Setembro publicaba-se no BOE o Decreto 1735/1998 polo que se modificaba o artigo 233 do Código de Circulación para recoller a nova sigla identificativa dos vehículos matriculados na provincia de Ourense que pasou así de OR a OU, tal e como aparece xa nos vehículos matriculados con posterioridade ao 7 de Setembro, data de entrada en vigor do citado Decreto. A respeito dos vehículos matriculados con anterioridade a esa data, os seus titulares poden, con carácter voluntario, cambiar as vellas placas de matrícula e os permisos de circulación dos seus vehículos para que figuren as siglas OU, sen que isto supoña máis custos que o prezo das placas de matrícula.

O cambio de nome da provincia e das siglas das placas de matrícula foi unha intensa reivindicación na que xuntaron as súas forzas grupos políticos, institucións, asociacións e colectivos sociais e, en xeral, toda a cidadanía. Esa reivindicación foi tamén o eixo central da campaña "Ourense, por dignidade" desenvolvida desde o ano 1995 pola Mesa. Tráta-se pois dun éxito de todos os galegos e galegas e, en especial, de todos os ourensáns e ourensás. É preciso agora proceder á substitución das vellas placas de matrícula polas novas para facer así efectivo un cambio que nos identifica e dignifica como pobo e demostrará que esa intensa demanda que se produciu nestes dous últimos anos ten agora unha resposta ampla e eficaz.

Concentración na Praza Maior

Neste sentido A Mesa convocou o pasado 13 de Setembro, co apoio de moitas organizacións e colectivos, unha concentración na Praza Maior de Ourense para celebrar o cambio oficial do distintivo das matrículas da provincia. A esta concen-

tración acudiron numerosos vehículos que xa lucían as novas matrículas co OU e moitos outros que procederon ao cambio das vellas placas polas novas ali mesmo. Era o primeiro paso dunha nova fase da campaña que pretende animar ás institucións e á cidadanía a seguir o exemplo deste cambio.

Aos concellos da provincia

A esa primeira iniciativa da concentración, seguiu unha nova proposta dirixida a todos os concellos da provincia de Ourense. Enviámos-lles un texto para aprobar no pleno de maneira que se resolva

cambiar os permisos de circulación e as placas de matrícula de todos os vehículos de titularidade municipal ou que presten servizos municipais para adaptá-las á nova normativa. Ademais, solicita-se tamén a edición dun bando no que se anime a todos os veciños e veciñas a seguir o exemplo desta iniciativa de cambio.

Con esta proposta enviada aos Concellos A

Mesa quere convidá-los a que contribúan e impulsen o proceso de aplicación deste Decreto, un novo paso importante na normalización lingüística e cultural do noso país, na que os poderes públicos teñen unha enorme responsabilidade.

Nova campaña: Porque hai cousas que nos identifican, cambia a matrícula

Seguindo nesa mesma liña de sensibilización social para conseguirmos unha aplicación real e ampla do decreto, A Mesa acaba de poñer en marcha unha nova campaña baixo o lema "OU-1998-XA. Porque hai cousas que nos identifican, cambia a matrícula". Pretendemos, por unha parte, informar a todas as persoas que residen na provincia de Ourense da publicación e dos contidos deste novo decreto; por outra parte, queremos animar á xente a que cambie as vellas placas de matrícula polas novas, un trámite moi sinxelo que non implica máis custos que os derivados do prezo das placas.



Es cliente de Repsol Gas?

Hai un par de meses recibiamos a queixa dunha sócia que denunciaba o uso por parte de Repsol Gas da forma *La Coruña* nos envíos das súas facturas con esta empresa. Realizamos a correspondente queixa lembrando-lles a lexislación relativa a toponimia e demandando da empresa un uso máis respeitoso dos nosos nomes de lugar e unha extensión do uso do noso idioma ás súas comunicacións cos clientes.

Dous meses despois, ante o silencio da empresa, repetimos a denuncia acompañando esta vez a última factura, dentro do sobre sen abrir, indicando que non se aceptaría esta notificación mentres non se corruxisen os erros detectados no uso do topónimo. Tres semanas máis tarde producíase a resposta de Repsol: "Con esta mesma data iniciamos as xestións internas precisas para a modificación nos nosos bancos de datos informáticos de maneira que proximamente en calquera

comunicación sexan utilizados os topónimos correctos referentes a Ourense e A Coruña, tal e como se indica na Lei 2/98 do 3 de Marzo citada por vosté". Iso si, a tradución do texto é nosa; aínda falta que dean artellado a atención ao cliente en galego. Pero, do mesmo xeito que no caso da toponimia, é camiño para andar coa vosa colaboración.

Se sodes clientes de Repsol Gas, facede-vos ouvir ante a empresa e pedide as comunicacións no noso idioma. O enderezo ao que debedes dirixir as vosas queixas e demandas é o seguinte:

José Sánchez Barbera
Xefe do departamento de Asistencia ao Cliente
Repsol Butano, S.A.
Arcipreste de Hita, 10
28015 Madrid

Por outra parte, se se seguisen a producir erros no uso da toponimia, pregamos-vos que no-lo fagades saber.

UNIVERSOS PARALELOS

O Rexistro Mercantil da Coruña enviou-lles un escrito a numerosas empresas e xestorías que realizaran o depósito das súas contas relativas ao exercicio de 1997 demandando-lles a tradución ao español dos documentos que enviaran exclusivamente en galego. Apoian esta demanda nunha serie de *razóns* legais que, segundo un informe encargado pola Mesa, supoñen unha interpretación errada que leva a confundir o asentado que eles fan –e que ha de facer-se, segundo a lei, en español– coa documentación que as empresas presentan e que ten a mesma validez estexa escrita en galego ou en español. Remitimos-lles xa o citado informe, tanto ás empresas que se puxeran en contacto connosco como ao propio Rexistro, e aproveitamos a oportunidade para recomendar-lles que fosen así de rigorosos tamén coa lexislación vixente en materia de toponimia. Resulta que nos escritos enviados ás empresas, aparecía, tanto no membrete do papel oficial como no texto, a forma *La Coruña*. Mira ti quen andaba apurado a demandar o cumprimento da Lei!

A Mesa recibe o premio San Martiño

A Fundación San Martiño, da Estrada, acaba de conceder-lle á Mesa un dos premios ao labor de defensa e promoción do galego cos que, en tres apartados distintos, destacan anualmente o labor de persoas e organizacións: a nivel local –que lle correspondeu a Xavier Comesaña Pereira, director do conservatorio da Estrada–, a nivel galego –outorgado á Mesa– e ao labor de toda unha vida –concedido a Isaac Díaz Pardo.

O premio será entregado o día 12 de Decembro durante un xantar que terá lugar na Estrada e ao que se pode asistir mediante a retirada dun convite (4.000 pta) que os organizadores do premio poñen a disposición das persoas que o desexen. Se queredes acompañar-nos ese día, chamade ao noso local de Santiago e informaremos-vos ao respecto.

O PP dixo "non" á nosa Proposición de Lei

O pasado 29 de Setembro debateu-se no Parlamento Galego a Proposición de Lei sobre o uso da lingua galega na administración da Xunta de Galiza que A Mesa lle presentara a todos os grupos parlamentares o pasado mes de Abril, co obxectivo de que a estudasen e debatesen e, previo acordo entre eles, a defendesen conxuntamente na cámara. Iso non foi posíbel xa que nen o PP nen o PSdeG aceptaron a nosa invitación, polo que a Proposición de Lei foi finalmente asumida e apresentada polos grupos do BNG e de EdeG. A instancias destes últimos, levou-se á cámara para a súa toma en consideración; votaron a favor o BNG, o PSdeG e EdeG; votou en contra o PP que, cunha argumentación demagóxica e vergoñenta, impediu a toma en consideración e posterior debate desta Proposición. Unha nova contribución ao seu proceso de entorpecimento da normalización social da nosa lingua.


A través de 21 artigos, esta Proposición de Lei establecía

que, de maneira xeral, a Xunta empregará o galego para as súas relacións tanto a nivel interno (actuacións administrativas, impresos, rótulos, encabezamentos de toda clase de documentación, selos, material informático e de escritorio, estudos e proxectos que encargue, etc.) como a nivel externo (documentación enviada a outras administracións de ámbitos galego ou galegas no exterior, comunicacións e notificacións dirixidas á cidadanía, subvencións e convénios con empresas, etc.). Ademais, incluía un capítulo dedicado á reciclaxe de persoal co obxectivo de que se garantise que o persoal dos distintos departamentos terá os coñecementos lingüísticos necesarios para poder cumprir co establecido nesta Lei e para que as posibles deficiencias se suplan coa organización de cursos especializados para o funcionariado.

Non foi posíbel, pero somos teimudos e seguiremos insistindo.

Comédia Bárbara

Maratón de lectura de Valle-Inclán en galego



A pesar da polémica xerada e dos numerosísimos pronunciamentos en contra, o CDG continuou adiante coa súa montaxe Valle-Inclán 98, que inclúe catro pezas de Valle-Inclán en español. Como xa vos informamos no anterior número da *ReMesa*, A Mesa promoveu un manifesto no que se pedía a paralización do espectáculo e que foi subscrito, en tan só unha semana, por máis de 300 persoas do mundo do teatro e a cultura. Esa mesma petición de paralización do espectáculo fixérona tamén moitos outros colectivos, asociacións, compañías de teatro, etc. O noso manifesto foi-lle enviado ao director do CDG, Manuel Guede, e ao Conselleiro de Cultura, Jesús Pérez Varela. Como evidente sinal de menosprezo a todas esas persoas que se dirixían a eles a resposta do CDG foi un absoluto silencio e a da Consellería de Cultura unha carta que en dúas liñas resumía a consideración que lle merecían os profesionais do teatro e a cultura que subscribían o manifesto:

"Acuso recibo da súa carta e do manifesto polo teatro en galego promovido pola Mesa pola Normalización Lingüística. Reciba un cordial saúdo. Asdo. Jesús Pérez Varela"

A maioría de idade do teatro galego en español

O espectáculo en español do CDG presentouse como "a maioría de idade" do teatro galego e como o espectáculo que vai facer que o teatro *galego* pase á historia. Cabería aquí unha reflexión sobre o dobre significado desa expresión. Manuel Guede, farto segundo el de ter que defender a montaxe, non dubidou en cualificá-la como a mellor das montaxes realizadas até agora polo CDG. Seica non é da mesma opinión o público que, a pesar de tratar-se de Valle-Inclán, non está a acompañar o espectáculo co mesmo entusiasmo.

O noso Valle en galego

Como alternativa paralela de reivindicación e protesta, A Mesa, coa colaboración da Asociación de Actores, puxo en marcha un proxecto que supón a lectura en galego dos textos de Valle que o CDG está a representar en español nas voces de numerosos profesionais do teatro, así como persoas do mundo da cultura, a política, o xornalismo, o movemento asociativo, etc. A primeira destas leituras realizou-se o pasado 16 de Outubro no Casino de Santiago, coincidindo coa estrea do espectáculo do CDG. Con posterioridade fomos realizando a lectura en distintas cidades galegas, acompañando a xira do

CDG: A Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo, e pensamos facé-la mesmo en lugares onde non vai estar a compañía pública: Ferrol, O Salnés, O Morrazo, A Barbanza, etc.

A nosa lectura aprésenta-se baixo o lema xeral de "Comédia Bárbara" e inclúe os catro textos que o CDG está a representar en español (en traducións de Manuel Rivas e D. Vilavedra, Xosé Manuel Pazos e Henrique Harguindey, X.L.Méndez Ferrín e Manuel Lourenzo), acompañados de tres contos de Valle-Inclán ("Malpocado", "O medo" e "Un cabecilla"), traducidos ao galego na revista *A Nosa Terra* no ano 1919 (en vida do autor, pois) e o poema "Cantiga de Vellas", publicado orixinalmente en galego.

O ponto e o contraponto

O Valle-Inclán 98 do CDG pechou-se cun punto final sen discusión, coa prepotencia coa que acostuma a pechar todos os debates o señor Pérez Varela. O noso é un contraponto que pretende ir abrindo o debate e a discusión, ante os meios de comunicación e ante o público, alá onde vaia este esperpento, tratando de implicar neste contraponto crítico ao maior número posíbel de persoas e colectivos, de voces. E voces seguen-se a escoitar moitas nesta comédia; a de Manuel Guede, por exemplo, máis e máis alterada en cada rolda de prensa. Seica non lle acaan ben as críticas. A que non se escoita, por certo, é a da familia de Valle-Inclán, tan temerosa como estaba de escoltar a Valle en galego. Será que non lle parece tan mal?



**Este Nadal regala libro galego,
regala lingua**



Urzaiz 125 • Tel/Fax 986 37 28 83 • 36205 VIGO

Nova normativa para o galego no Concello de Vigo

O Concello de Vigo aprobou unha normativa de obrigado cumprimento na que se regula o uso do galego por parte das empresas privadas que establezan calquera tipo de contrato co Concello, logo de que A Mesa da zona de Vigo desenvolvese durante os meses de Abril a Xuño unha intensa campaña reivindicativa neste sentido que supuxo a recollida e presentación no rexistro do Concello de máis de 2.000 instancias nas que se demandaba unha normativa a tal efecto. O documento aprobado foi-lle remitido xa para o seu coñecemento á maioría das empresas afectadas (empresas que prestan servizos municipais, oficina de Patrimonio e Contratación e empresas que levan a cabo contratacións e seguimento de contratos e concesións). Ao mesmo tempo, o Concello solicitou das empresas concesionárias e arrendatárias de servizos e bens municipais, no prazo de un mes, un informe no que se detalle o grao de cumprimento actual dos criterios recollidos nesta normativa, así como as medidas que se van adoptar para garantir o seu cumprimento. A partir de agora, unha vez conseguido o obxectivo da aprobación desta normativa, resulta de vital importancia o apoio e seguimento que o Concello faga para garantir o seu cumprimento.

Para A Mesa é unha satisfacción comprobar que o Concello deu por fin este paso que supón un importante desenvolvemento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística, vixente dende 1989, nun terreno, o das relacións coas empresas privadas, que tivera unha escasa incidencia até agora e que supuxo sempre un importante número de queixas por parte da cidadanía. De feito A Mesa estivo coordinando a recollida e presentación no Concello de máis de 2.000 instancias asinadas por vigueses e viguesas nas que se denunciaba esta situación e se demandaba unha normativa específica ao respecto. Esta campaña reivindicativa recibiu tamén o apoio dos principais partidos, organizacións sindicais, veciñais, estudantes, ecoloxistas e culturais da cidade.

En galego: a pedir de boca

A MESA vén de desenvolver unha campaña de galeguización das cartas dos restaurantes de Vigo, como antes xa se fixera noutras bisbarras. O resultado é que hoxe 112 mesóns, hoteis e restaurantes da cidade están en disposición de presentar-lles as súas cartas na nosa lingua aos seus clientes.

Nesta iniciativa colaboraron o Concello de Vigo, a Asociación Empresarial de Hospedaxe de Pontevedra, a Federación Provincial de Empresarios de Hostelería e máis a empresa Adegas das Eiras.

Durante os seis primeiros meses do ano dous comerciais visitaron os establecementos, traducimos as cartas ao galego (e ao inglés naqueles restaurantes que así o demandaron) e reproducimos cada modelo con medios informáticos respectando ao máximo o deseño exclusivo de cada restaurante. Asínamos unha *folla de compromiso*, pola que o restaurante se comprometía a ter a disposición dos clientes a carta en galego. Tamén lles entregamos autocolantes identificativos da campaña e un diploma acreditativo de ter participado nela. Este diploma foi-lles entregado persoalmente nun acto final de campaña no Pazo de Castrelos.

A resposta dos restaurantes ante a proposición da campaña foi altamente positiva. Tan só tres, de todos os visitados, acolleron a proposta de forma negativa. Este dato confirma unha vez máis a actitude favorábel da sociedade galega, mesmo dentro do mundo empresarial, aos procesos de normalización lingüística cando estes se xeneran cun mínimo de arroupamento civil e institucional.

Sen embargo, coa realización desta campaña non está todo feito no sector. Que os restaurantes acaben por empregar as cartas en galego todos os días e en todos os momentos, e mesmo que manteñan este costume cando teñan que modificar a ementa, vai depender agora da demanda que sexamos quen de xenerar, da actitude que nós, como clientes, teñamos diante dunha carta que estexa –ou non– en galego.

BREVES

O telefone da Axencia Tributaria

Tal e como nos fixestes saber moitos de vós, o telefone de información que a Axencia Tributaria puxo a disposición dos contribuíntes para coñecer o estado da súa devolución na declaración da renda non incluía no menú de linguas o galego. Efectivamente, o 901 121 224 ofrecía a posibilidade de recibir o servizo en español e en catalán, mais non en galego. Unha nova discriminación lingüística que se sumaba ás que xa denunciara A Mesa e das que vos dabamos conta no anterior boletín.

Realizamos inmediatamente a oportuna denuncia ante o Delegado Especial da Axencia Tributaria en Galiza, Jaime Muntaner, e procederon a enviar-lles a tradución dos textos ao galego, feito que se produciu, segundo eles, o 9 de Setembro. Pero, xa se sabe, estas cousas son ben lentas e non se produciu a activación definitiva do servizo en galego até finais de Outubro. Iso si, chegar chegou. E como sempre, grazas ás vosas/nosas denuncias. Aínda que canse, hai que persistir.

A Xunta, incapaz de traducir o Windows 98

Como xa indicara Microsoft á Mesa a primeiros de ano, a Xunta tampouco chegou a tempo esta vez e non teremos Windows 98 en galego. A pesar de que eles insistían en afirmar que aínda estaban en conversas, o anuncio de Microsoft confirmou-se e a Xunta alegaba, entre outras cousas, razóns económicas: seica eran moitos cartos.

Agora chega a nova de que a Generalitat investirá 80 millóns na tradución do Windows 98 e do Internet Explorer-4, nun convenio que lle ofrece aos clientes a posibilidade de cambio da versión en español pola catalana cando esta apareza.

Na DXPL non había diñeiro para isto; si hai 1.500 millóns para a TVG, a televisión pública galega na que o uso do idioma hai que subvencioná-lo. Esa austeridade nun campo tan importante como as novas tecnoloxías contrasta coa chamativa xenerosidade das partidas concedidas a determinados proxectos de dubidosa contribución á normalización da nosa lingua na concesión de subvencións deste ano. Cousas veredes...



Cinema en galego: o amor que comezamos a descubrir

A campaña que desde Xuño do '97 desenvolveu a Mocidade pola Normalización Lingüística esixindo que a Xunta cumprise coa Lei de Normalización Lingüística no apartado referente á exhibición e distribución de filmes en lingua galega viu os seus resultados o pasado día 18 de Setembro. Nesta histórica data, estreaba-se no noso idioma *Un amor por descubrir*, de Pierce Brosnan.

Este foi o primeiro filme dos que entran no convenio entre a TVG, a Consellería de Cultura e a voluntariosa Filmax (esta distribuidora xa exhibiu pola súa conta, sen nengun apoio institucional, no ano 1994, o filme *O Pico das Viúvas*). Este acordo vai-nos permitir aos galegos desfrutar, daqui ao 2000, no noso propio idioma, da estrea anual de dous filmes nas salas cinematográficas e de 8 cintas ao ano comercializadas polos vídeo-clubes da Galiza.

Con esta sinatura deu-se resposta ás máis de 9.000 instancias individuais e ás 16 organizacións xuvenís que demandaron, dentro da campaña da Mocidade da Mesa, que a Xunta cumprise co mandato legal de promover o noso idioma no cinema. A este respecto, cumpre lembrar que a devandita obriga aparece na Lei de Normalización Lingüística, promulgada en 1983, pero é agora, máis de 15 anos despois, cando se comeza a cumprir con esta norma, grazas á presión cidadá fronte á desidia xuniteira.

Deste convenio entre a TVG e Filmax alegra-nos de xeito especial que se fomite a produción propia. Pero quizais o máis preocupante sexa que o proxecto que se vai realizar podería ter-se feito desde a mesma creación da TVG, o cal nos indica que se estiveron perdendo uns anos preciosos.



O acordo con Filmax é positivo pero non colma en absoluto as nosas reivindicacións. Ademais de que nos parece unha cantidade exígua a anunciada de dobrar dous filmes ao ano para as salas, consideramos que se debe estender este tipo de convenios a máis distribuidoras (en Mocidade pola Normalización Lingüística conseguiu-se que Buenavista, a distribuidora de Disney, se manifestara interesada, sen que nunca, nen a Xunta nen a TVG, se teñan dirixido a ela).

A inescusábel tardanza das accións en favor do galego no cinema "descobre-nos" que o "amor" da Xunta non é o galego. Na cuestión lingüística, o goberno autonómico anda a remolque da cidadanía. Desde a Mesa e desde a Mocidade pola Normalización Lingüística continuaremos tirando con forza para conseguir que esta Xunta desidiosa teña que sacar máis medidas en favor do idioma.

Un éxito de billeteira

En principio, *Un amor por descubrir* ía ser exhibido só unha semana na Coruña, en Vigo e en Santiago, pero o seu excepcional suceso permitiu a súa extensión ás sete cidades e máis a distintas vilas. Desde a Mocidade da Mesa realizamos unha campaña de cartelaria e promoción nos meios deste filme na nosa lingua.

As cópias de *Un amor por descubrir* funcionaron en Galiza, sintomáticamente, mellor que no resto do Estado. Isto vén-nos demostrar tanto a existencia dun público que demanda filmes en galego como que o uso do noso idioma no mercado, especificamente cinematográfico, non repercute negativamente nos resultados empresariais (máis ben ao contrario!).

O que xa temos en galego

O vindeiro 15 de Xaneiro (aínda que en principio se anunciase para Decembro) vai-se estrear *Os padriños do noivo*, protagonizada por coñecidos actores iánquis.

Así mesmo, desde o 18 de Novembro podemos achar nos nosos vídeo-clubes os filmes *Jack, Rei do Amazonas*; *Os cinco*; *Os fabulosos Baker Boys*; *Prisioneiros do ceo*; *Napoleón, o cadeliño aventureiro*; *O pico das viúvas* e *A noite cae sobre Manhattan*.

Temos unha sección na revista Redacción Xove

Desde hai dous números, na revista Redacción Xove, editada pola Fundación Illa Couto, aparece unha colaboración na que a nosa organización dá a coñecer as últimas novidades en materia de lingua e xuventude.

Debemos dar os nosos agradecimentos ás redactoras e redactores da publicación pola súa interesante suxestión de colaborarmos e, así mesmo, dar-lles os nosos parabéns pola súa interesante iniciativa de publicar unha revista integralmente en galego dirixida ao estudiantado do ensino medio, de calidade e de distribución masiva.



Plataforma do Alunado pola Galeguización do Ensino Médio

Imos ter un curso movido pola lingua


Nas organizacións que formamos a Plataforma do Alunado pola Galeguización do Ensino Médio (Comités Abertos de Estudantes, Galiza Nova, Área de Mocidade de Esquerda Unida e Mocidade pola Normalización Lingüística) puxemo-nos o obxectivo de traballar con intensidade neste curso 1998/99 para conseguirmos a normalización da nosa lingua en secundaria.

Comezamos o ano escolar dirixindo un escrito para que for debatido nos claustros, chamando ao cumprimento do Decreto 247/95 como punto de partida para a galeguización plena da docencia. Neste texto, subliñábase que non é posíbel falar de calidade educativa sen termos en conta o uso da lingua da comunidade educativa, no noso caso, a galega.

Solicitamos unha entrevista co Conselleiro de Educación

As dúas semanas de comezar o curso, e vendo como se cumprían os predicíbeis agoiros de deixadez da Consellería de Educación na cuestión lingüística, solicitamos unha entrevista co seu máximo responsábel, para lle formularmos as seguintes cuestións: Sabe-se na Consellería de Educación cal é o grao de cumprimento do Decreto 247/95? Se ten os datos, por que non os fai públicos? Que medidas pensa tomar a Consellería para que se cumpra o Decreto en todos os centros?

Ao día seguinte, Celso Currás respondeu-nos cunha nota na que dicía que a Consellería "non quer impor o galego". Será que os Decretos e as leis non son para se cumpriren?



A Mesa de debate

O pasado mes de Xuño, a nosa Lei de Normalización Lingüística facía 15 anos. Logo dese tempo seguen a ser moitos os incumprimentos e chama a atención a falta de desenvolvemento que, salvo en casos moi concretos, tivo o seu articulado. Incumprimentos que van desde aspectos tan simples como o da toponimia, claramente regulado na Lei, até os distintos decretos que foron regulando o uso do galego no ensino, publicados mais nunca avaliados. Moitas son, pois, as carências e incumprimentos desta Lei que, desde hai 15 anos, *ampara* os dereitos do noso idioma.

A raíz da aprobación da nova Lei de Política Lingüística de Catalunya, da que xa falamos nesta mesma sección da *ReMesa* nos dous números anteriores, deixaron-se escoitar demandas de revisión e renovación da Lei, algo para o que o PP non ve necesidade pois afirma que a Lei de Normalización Lingüística segue a estar vixente e segue a ser o marco idóneo para a normalización do galego.

Desde A Mesa convidamos aos catro grupos parlamentares, como protagonistas dunha posíbel reforma da Lei, a que nos desen a súa visión da súa vixencia e actualidade, das súas principais carências e da oportunidade ou necesidade de revisá-la. O Partido Popular, logo de reiterar que non hai nengunha necesidade de revisar a LNL porque é válida tal e como está, remitiu-nos á súa postura no Parlamento no debate da toma en consideración da nosa Proposición de Lei; ali reiteraron a importancia e validez da actual Lei e votaron en contra da nosa Proposición porque o uso do galego por parte da Xunta de Galiza está, segundo eles, perfectamente garantido desde a actual Lei. Sobran comentários. O PSdeG-PSOE non respondeu ao noso convite, reiterado, de participar nesta rolda, como tampouco respondera ao noso convite a participar nas reunións de debate, cos outros grupos, da nosa Proposición de Lei.

Recollemos hoxe aquí as visións do Bloque Nacionalista Galego e de Esquerda de Galicia, que si responderon a esa invitación a reflexionar, desde a súa posición no marco político do noso país, sobre a situación da Lei de Normalización Lingüística quince anos despois.

A Lei de Normalización Lingüística: quince anos de incumprimento oficial, quince de reclamación social

por María Pilar García Negro
(Bloque Nacionalista Galego)

Se para calquer lingua con necesidades de normalización do seu uso é importante contar cunha lexislación “ad hoc” que impulse e programe, onde falte, a súa utilización social e pública, que preste decidido apoio ao empeño normalizador das iniciativas —individuais e organizadas— da propia sociedade..., se para calquer lingua desnormalizada isto é vital, moito máis aínda para unha lingua como a nosa, como o galego, tan violentada historicamente, tan reprimida, tan escarnecida, tan confinada nun uso oral, estendido tanto como devaluado, como diglosicamente distribuído, sempre supeditado á presenza social e oficial do español e ao seu permanente “mando en praza”.


Fagamos un chisco de memoria. O galego, con efecto, leva moitos anos submetido a unha contundente violación domiciliar, que chegou a facer “natural” a invasión de funcións, de domínios, de ámbito de uso por parte do español que, en boa lóxica, lle corresponderían, como lingua nacional, aquí criada, aquí residencia e aquí desenvolvida, ao galego. Tal persistente dominio causou efectos non leves, precisamente, en nós, na poboación galega, no povo dono e utente do idioma. Por isto, aquí, no noso territorio e na nosa sociedade, unha lexislación realmente protectora do galego facía-se –fai-se– máis necesaria, máis perentoria, porque, de ser aplicada e materialmente cumprida, axudaría moito á reposición do galego e á súa aclimatación, “natural”, en espazos comunicativos de prestixio, de grande valor megafónico.

En 1983 (Lei 3/1983) foi promulgada entre nós a Lei de Normalización Lingüística. Lei ben moderada, moito máis declarativa do que prescritiva, moito máis atenta a conceder dereitos do que a establecer deberes para os poderes públicos. Se a esta eiva conxénita lle engadimos as “eivas adquiridas”, quer dicir, a súa radical non-aplicación, o desprezo que mereceu por parte da oficialidade autonómica, a súa invoca-

ción como muro xustificativo e non como estímulo planificador, comprenderemos ben a irresponsábel, prevaricante e desleal política lingüística dun Executivo, empeñado —iso si— en ir deixando agonizar o galego, en reforzar a hexemonia do español e en refuxiar-se en estúpidos e irreais ideoloxemas (o “bilingüismo harmónico”!) para xustificar o seu inestimábel contributo á re-imposición do español, que, se antes contaba con armas ben engraxadas polos poderes estatais, agora pode vivir e campar, sibariticamente, axudado tamén, pola “autonomía gallega”.

Voceiros deste poder “autoanéxico” (Partido Popular) xa o proclamaron, nun rauto de sinceridade: a lexislación é tendencial e desiderativa, non “impositiva”; é, portanto, unha non-lei. Tamén o seu pope máximo, o Presidente da Xunta de Galiza, cando vociferou recentemente no Parlamento Galego que nunca se admitiría nada por riba ou por fóra da Lei de Normalización Lingüística. Quer dicir (traduzamo-lo), nunca estará o Executivo autonómico, nestas anti-galegas mans, disposto a mudar a non-aplicación da lei, a facer certa a súa posíbel virtualidade positiva.

Nós, as e os de abaixo, levamos tamén estes quince anos —e antes— traballando por facermos reais os postulados da lei, por lle restituir ao idioma galego a digna presenza necesaria, por facermos natural e socialmente rendíbel o seu uso. “Grazas” a non contarmos con apoio institucional nengun, traballamos dez para que rinda dúas; non damos feito –ou facemos menos do preciso... Asi que, decerto, o futuro vai estar marcado por un urxente cambio na dirección política do país, mais, tamén, porque non se debiliten nen esmorezan os esforzos sociais, cívicos e de base. Non o esquezamos: o galego non é unha lingua morta: é unha *lingua mortificada* á que cómpre inxectar-lle decote nova vida, novos usos. De nós, máis ca nunca, é a palabra, e a responsabilidade.




Quince anos de lei, que non de normalización

por Xosé Manuel Pazos Varela
(Esquerda de Galicia)

Hai uns días, nun debate parlamentario arredor dunha proposición de Lei para o uso do galego por parte da Administración Autonómica, o portavoz do grupo popular “agasalounos” cun recordatorio das declaracións feitas polos representantes dos diferentes grupos o día da aprobación da Lei de Normalización Lingüística aló polo ano 83. Tales declaracións –todas elas ilusionadas– ían desde a total satisfacción de quen vía na Lei aprobada por unanimidade un instrumento imprescindible e suficiente para a normalización do noso idioma nacional, ata certo desacougo de quen pensaba que a Lei era útil mais tiña que ser necesariamente complementada por unha actitude positiva desde toda a sociedade e, fundamentalmente, desde os poderes públicos.

Pois ben, quince anos máis tarde a realidade está empeñada en deixar en cueiros calquera ilusión inicial, amosándonos unha situación que non pode ser calificada precisamente de satisfactoria, senón todo o contrario. Con quince anos cumpridos, a adolescente Lei está secuestrada e é a cotío sometida a “malos tratos” polos que teñen a obriga de cuidala, de protexela, de alimentala... aínda máis, é constantemente utilizada como refén que serve de muro de contención contra calquera iniciativa a prol da normalización real do uso do noso idioma. En efecto, a LNL é invocada sistematicamente —e de xeito contradictorio— para votaren en contra de calquera proposición que supoña un avance para a nosa lingua ou mesmo que pretenda simplemente evitar o retroceso. Para os que gobernan Galicia a LNL xustifícao todo: que as Administracións transgredan cada día as súas propias normas e obrigas, que escritos oficiais se fagan en castelán, que se rexeiten documentos en galego, que se rexeite toda canta proposta se faga para potencialo, que se gasten millóns en campañas baleiras de contido e de obxectivos, que se impulsen agresións oficiais mesmo en terreos ata agora normalizados (léase CDG-Valle noventa y ocho), que se descalifique, con evidentes actitudes pre-democráticas, a quen defende o que é o noso dereito existencial, cultural, político e legal (léase Pérez Varela e os seus “aduaneiros”)... E todo coa meta do bilingüismo harmónico e “olé”.

E o caso é que a pobre Lei non naceu para ter que aturar tanta aldraxe, senón xusto para o contrario... O caso é que a estas alturas da historia, cando teríamos que andar a pelexar por melloralala e ampliála, non podemos baixar a garda e temos que loitar por defendela –aínda- ... O caso é que Lei cumpre de certo quince anos, mais... ¿que idade ten a Normalización?



Ás socias e socios da Mesa que subvencionamos a banca

Todos os non-ricos temos unha xenreira e un temor cara ás grandes empresas bancarias que me atrevería a calificar de cuase-innato. E aínda así, malia este natural instinto de conservación que nos impele a afastarnos dos bancos, a inmensa maioría de nós temos o piso hipotecado, un empréstimo solicitado, ou a conta en vermello a cada pouco.

Debido a este sino fatal e a outras circunstancias que non veñen ao caso, cando chegou o recibo da cota da Mesa deste ano 98 resultou que a miña conta non tiña nin os 400 pesos de rigor. Cando souben do acontecido non me preocupei demasiado. Que o manden de novo un pouquiño máis adiante, pensei. Mais ao recibir o último boletín lin a nota na que se comenta o problema que supoñen para A Mesa estes recibos devoltos. Ante a miña incommensurable ignorancia en todos os temas que teñan que ver con aqueles cartos que non teño baixo o colchón, picoume a curiosidade por saber se o banco, coa súa habitual cortesía, se faría cargo destes gastos.

Entón decateime da verdadeira dimensión do asunto. Nese intre fun consciente da desproporcionada magnitude do suceso.

¡¡Estaba a darlle 1.765 pesetas á Mesa e 235 ao banco!!

Caeume o mundo enriba. Pensei que non o soportaría. Da miña pequena aportación á Mesa, unha nada despreciable porcentaxe ía parar a... Non podo nin pensalo.

Pero de súpeto vin unha luz. Algo se acendeu no meu maxin e de pronto souben o que tiña que facer. Chamei presuroso ao local da Mesa en Santiago. “Por favor, dicideme o número de conta da Mesa, rápido”. Corrí cara á repelente sucursal e, tras agardar impaciente nunha fila de tres persoas durante máis de 25 minutos, conseguín o meu obxectivo: ingresar os malditos 50 pesos que, debido ás miñas dramáticas relacións coa banca, esta substraera da miña cota de socio, e reembolsarllas así á súa lexitima propietaria: a lingua galega.

Isto non é un conto, é unha verdade adxectivada. Como socio da Mesa decidín, en primeiro lugar, deixar de subvencionar á banca tendo o pagamento dos meus recibos ao día, e, en segundo, devolverlle á Mesa eses cartos que quedaron polo camiño e que foron parar a unha empresa que, como case todas as do sector, nin sabe o que é o galego. Anímovos a que fagades o mesmo.

M. F. A.

Sócio nº 3139

PARABÉNS

Para Cegal, Informática profesional, que fan toda a súa rotulación e campañas de publicidade en galego. Están en príncipe 22, 2º, en Vigo.

Para Gosotega-Deza, unha tenda de alimentación de Lalín (Rúa D, nº 9) que comercializa carnes, queixos, ovos, mel, ... na nosa lingua.

Para Aquagest, que vén de anunciar un proceso de modernización que inclúe a galeguización dos seus servizos.

Para New Pol, que acaba de pór no mercado a primeira lavadora que leva os consellos de uso e o panel de mandos en galego.

PARAPPAUS

Para Telefónica, que logo dun ano de denuncias e reclamacións non dá atendido nen as demandas máis básicas (aí seguen *La Coruña* e *Orense* nas facturas). Mesmo che din que os seus servizos “te quedanche moi cerca”. Deles volveremos falar.

Resulta enormemente gratificante e alentador comprobar que son cada vez máis os proxectos e iniciativas particulares que xorden co obxectivo de dinamizar o uso da nosa lingua en distintos ámbitos. Como xa temos comentado moitas veces, a administración e as institucións van as máis das veces a remolque das iniciativas sociais: comprobamos cada vez con máis frecuencia que son/somos as organizacións cívicas e os particulares en xeral os que fan que as cousas se movan, os que suplen, con moita vontade e poucos medios, a falta de planificación institucional. Por iso, estas iniciativas que parten da sociedade son especialmente importantes e merecen toda a difusión e o apoio. Queremos dar conta neste boletín de dúas propostas significativas

Dous anos “irmandiños” de loita pola lingua

Xosé A. Neira Cruz

Despois de terse alzado en xuíza e de ter detentado a capacidade de deixar libres de culpas ou cangadas para toda a eternidade as conciencias, chegou a hora de que tamén a Igrexa pida perdón –e por tantos pecados– e se arrepinta “con propósito de emenda”, como dicían os vellos catecismos (non sei se os novos tamén), polo que fixo ou deixou de facer ó longo da súa historia. Probablemente o primeiro e meirande pecado do que lles cumpra doerse sexa do de ter traizoado a filosofía de amor que emana do cristianismo orixinal para convertela na tiranía da culpa. Nesa traizón primeira enganchan as seguintes e –como adoita acontecer coas grandes mentiras e cos grandes mentiráns–, chega un momento no que xa non se sabe qué é verdade e qué deixou de selo hai moito.

É certo que non será doado escoltarmos ós señores cardeais e bispos pronunciar o “mea culpa” polo antedito, pero ás veces máis ca unha petición de perdón o que cómpre e realmente paga a pena é un cambio de actitude, unha viraxe a tempo que sirva para desandar o camiño do erro ata a primeira encrucillada onde se produciu a mala escolla.

Á Igrexa Católica, e en concreto á galega, empeza a serlle horas xa para o reencontro co momento en que os seus xerarcas acordaron que Deus en Galicia non ía falar nunca máis en galego. Empeza a pesar de máis sobre a historia –a nosa historia– a súa semente de autoodio, de desprezo do propio, de antigalegitude. Empeza a resultar intolerable o que sempre foi absurdo e só se aceptou por ignorancia ou por medo. ¿Cantos anos máis, cantos séculos han ter que pasar para que os bispos, os responsables dos seminarios e boa parte dos cregos de Galicia deixen de baixar ó galego como quen baixa á forza ós sotos da cultura? ¿Canto tempo máis o galego ha ficar fóra dos templos, da doutrina, só presente na insultante hora semanal que lles concede, coma unha esmola ós disidentes? ¿Ata cando a Igrexa en español vai estar sobre o pobo galego, e non ó seu carón, a compartir unha mesma fe e unha mesma palabra?


Coa calada por resposta, a situación segue a ser a mesma

desde hai décadas e, mentres o galego vai acadando presenza en ámbitos sociais nos que ata o de agora estaba vetado, nada se fai –ou case nada– para que cambien as tornas entre os cregos. Tradúcense os libros sagrados, si (¿para que, pregunto eu, se logo non se utilizan?), e os bispos achéganse a posturas conciliadoras sobre a lingua (máis porque é “politicamente correcto” ca por verdadeira convicción ou preocupación polo tema), pero á fin todo segue igual, nada cambia. E o crego –que fóra da igrexa fala a lingua do pobo coma fillo do pobo que é (non esquezamos a extracción da meirande parte dos nosos párrocos), entra na sacristía a revestirse e vese na necesidade, na conveniencia ou na rutina –xa non se sabe ben o qué– de revestir tamén o seu galego de castelán para misar.

Por iso empeza a ser horas, moi horas de cambiar. Por iso e porque tamén dentro da Igrexa galega hai voces e movementos que piden o cambio (velái o exemplo de institucións como a Comunidade do Home Novo, a Comunidade do Padre Seixas, a Coordinadora de Crentes Galegos, Encontros no Adro, a revista Encrucillada, a Asociación Irimía, o Movemento Rural Cristián, as Mulleres Cristiás Galegas, a Pasantía Teolóxica, a Pascua Xove, a Urca...). De aí a razón do Bienio Irmandiño, dous anos de loita pola galeguización da Igrexa desde tódolos ámbitos, implicando a tódolos galegos e galegas (por suposto, non só ós crentes) para romper atonías, para mobilizar sensibilidades, para sementar as parroquias de Galicia enteira de chamadas á conversión de voces a prol dunha Igrexa galega e en galego.

¡Por Deus e polos Irmáns de Galicia! (*Deus Fratresque Gallaeciae*), como dixeron, aló polo século XV, esoutros protagonistas dunha revolución sen precedentes que foron os Irmandiños, fillos da terra a loitar por ela e polos intereses que lle eran propios.

Para máis información, podedes contactar con Charo Rilo Chas, O Rabuñeiro, 15173 Oleiros (A Coruña). Tel. 981 61 01 71



Cousas que  se moven

que están a contribuir de maneira importante a estender o uso do galego en dous campos con especiais dificultades:

- O Bienio Irmandiño, un ambicioso proxecto de galeguización da Igrexa que se presentaba o pasado 9 de Outubro en rolda de prensa, organizado por distintas institucións e colectivos, tal e como nos explica no seu artigo Xosé A. Neira Cruz.
- O proxecto XIS, desenvolvido por unha equipa de profesionais co obxectivo de ampliar a presenza do galego no mundo da informática. De todo iso nos fala Camilo Regueiro, coordinador do proxecto.

Desde a *ReMesa* queremos contribuir a divulgar e dar a coñecer estas iniciativas, para as que enviamos todo o noso apoio.

Un proxecto na Rede e para a Rede

Camilo Regueiro

Hoxe en día xa non hai dúbida da revolución que está a provocar ese novo medio de comunicación chamado INTERNET. Intercambio libre de ideas sen ningún tipo de censura nin peneiras de ningunha clase, achegamento a culturas e individuos de todas partes do mundo dun xeito directo e real e, por suposto, un novo concepto das ideas de asociación e traballo en común. Nestes conceptos é no que se esta a basear o traballo que estamos a desenvolver un grupo de persoas, institucións e empresas dende fai uns meses. O obxectivo é conseguir un programa que nos permita acceder á rede en galego, o que na lingua dos que xa levamos algo de tempo no asunto se denomina 'un navegador'.

Existe un enorme déficit na dispoñibilidade de ferramentas, programas, sistemas operativos, en definitiva de todo o que se refire á informática en galego; ou sexa, de xeito sinxelo, non hai programas en galego. Podemos poñer como exemplo o tema do Windows 95 e 98, por ser o mais sonado, pero a triste realidade é que contamos cos dedos dunha man as iniciativas existentes neste momento a este nivel, e non me vou estender na responsabilidade das nosas institucións nun tema evidentemente importante como é a incorporación na nosa lingua nas ferramentas de traballo do futuro.

As dúas ideas anteriormente expostas, xunto cunha serie de factores producidos pola guerra dos "navegadores" entre Microsoft e Netscape (as dúas compañías líderes neste sector), fixeron que unha serie de persoas que traballamos no ámbito da informática, no xornalismo, no deseño gráfico, etc., e que estabamos en contacto por medio da 'rede', nos puxe-

ramos á tarefa de conseguir un "navegador galego", partindo da recente apertura de código e licencias feita pola empresa Netscape do seu "navegador". A este proxecto, chamámoslle PROXECTO XIS, e o resultado do noso traballo será o Navegador XIS.

O traballo realízase 'na rede'. Intercambiamos mensaxes e coordinámonos en 'xuntanzas virtuais', enviámonos os arquivos correspondentes vía 'email' ou 'ftp', facemos votacións de determinadas decisións en 'listas de correo electrónicas', tamén chamadas 'roldas'. En definitiva estamos a desenvolver un xeito de traballar que a maioría da xente coñece co nome de 'teletraballo'. Cada quen aporta o que pode dende a súa casa, a súa empresa, etc., adicándolle o tempo do que pode dispor.

Hoxe en día xa temos unha primeira versión de probas ou o que se chama na linguaxe informática, unha "versión beta". Estas versións saen para que toda a xente que queira as probe e detecte todo tipo de erros que se poden dar no seu uso, sempre tendo en conta que son aínda inestables e que seguro que haberá cousas que mellorar. Podemos dicir que temos a primeira parte do camiño andado e agardamos que axiña teñamos a versión definitiva. Estamos pois a piques de ter o primeiro navegador en galego, e o primeiro programa destas dimensións dispoñible na nosa lingua.

Como non podía ser menos vou invitarvos a que, se queredes coñecer máis a fondo o noso proxecto e participar nel, visitedes as nosas páxinas WEB en "xis.vieiros.com".

